www.oqueleo.com

Título orixinal: LE PETIT NICOLAS
O Nicolasiño, os personaxes, as aventuras e os elementos característicos do universo do Nicolasiño, son unha creación de René Goscinny e Jean-Jacques Sempé. Os dereitos de depósito e de explotación de marcas ligadas ao universo do Nicolasiño quedan reservados a IMAV éditions. Le Petit Nicolas® é unha marca rexistrada verbal e figurativa. Todos os dereitos de reprodución ou de imitación da marca e de calquera dos seus logos están prohibidos e reservados.

© 2013, IMAV éditions / Goscinny - Sempé
Première édition en France: 1960
© Da tradución: 1989, María Luísa Álvarez Santamarina
© Desta edición:
2018, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.
Entrecercas, 2. 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-03-7
Depósito legal: M-1068-2017
Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: maio de 2018
Más de 9 edicións publicadas en Obradoiro

Dirección da colección:
Ana María Guerra e Maite Malagón
Editora executiva:
Yolanda Caja
Dirección de arte:
Xosé Crespo e Rosa Marín
Proxecto gráfico:
Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Julia Ortega
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O Nicolasiño

Goscinny-Sempé

oqueleo

Nicolás:
«Isto é macanudo!».

Clotario:
«É o último da clase.
Cando a mestra lle fai
preguntas, acaba sempre
castigado sen recreo».

Alcestes:
«É o meu mellor amigo,
un gordo que pasa
o día comendo».

Agnan:
«É o primeiro da clase
e o preferido da mestra.
Nós non o queremos
moito, que digamos».

Godofredo:
«Ten un pai
moi rico que lle merca
todo o que quere».

Rufo:
«Ten un chifre
e o seu papá é policía».

Eudes:
«É moi forte e gústalle
dar puñadas no nariz
dos compañeiros».

Xoaquín:
«Ten unha bici, pero
non pedalea rápido,
aínda que se adestra
para o “Tour de France”».

Maxencio:
«Ten unhas pernas moi
longas e moi delgadas
e uns xeonllos
gordos e sucios».

Mamá:
«A min encántame quedar na casa cando chove e que haxa xente, porque mamá prepara moitas cousas ricas para a merenda».

Papá:
«Papá sae máis tarde do traballo ca eu da escola, pero non ten deberes».

Avoa:
«A avoa é moi boíña, dáme moitas cousas e todo o que digo faille moita graza».

Señor Blédurt:
«É o noso veciño, gústalle moito facer rabiar ao meu pai».

A mestra:
«A mestra é moi amable e guapa cando non facemos demasiadas falcatruadas».

Señor Dubon (o Caldolimpo):
«É o noso Xefe de Estudos, chamámoslle así porque di todo o tempo: "Mirádeme para os ollos", e no caldo limpo hai ollos. Dixérono os grandes».

Para Henri Amouroux,
padriño deste Nicolás.


ESCOLA

Unha lembranza que aloumiñaremos

Esta mañá, chegamos á escola moi contentos, porque imos sacar unha foto do curso que sería para nós unha lembranza que non esqueceremos en toda a nosa vida, como nos dixo a mestra. Tamén nos dixo que viñésemos ben limpos e ben peiteados.

Eu entrei no patio coa cabeza chea de brillantina. Todos os compañeiros estaban xa alí e a mestra rifáballe a Godofredo, que viñera vestido de marciano. Godofredo ten un pai moi rico que lle merca todos os xoguetes que quere.

Godofredo dicíalle á mestra que quería, fose como fose, que o fotografasen de marciano, e que senón, marchaba. O fotógrafo ta-



mén estaba alí, coa súa máquina, e a mestra díxolle que había que rematar axiña, senón iamos perder a clase de matemáticas. Agnan, que é o primeiro da clase e o chichí da mestra, dixo que sería unha mágoa non ter matemáticas, porque a el gustábanlle e fixera ben todos os problemas.

Eudes, un compañeiro que é moi forte, quería darlle unha puñada no nariz a Agnan, pero Agnan ten lentes e non lle podemos bater tan a miúdo como quixésemos. A mestra púxose a berrar dicindo que eramos insoportables e que se seguiamos así, nada de foto, que iriamos para a clase. Entón o fotógrafo dixo:

—Vaites, vaites, vaites... calma, calma... Eu sei ben como lles hai que falar aos nenos. Todo sairá ben.

O fotógrafo decidiu que era mellor que nos puxeramos en tres ringleiras; os da primeira, sentados no chan, os da segunda de pé, ao redor da mestra, que estaría sentada nunha cadeira, e os da terceira, de pé enriba dunhas caixas. O certo é que o fotógrafo ten ideas macanudas.

As caixas fómolas buscar ao soto da escola. Pasámolo moi ben, porque non había moita luz no soto e Rufo meteu un saco vello pola cabeza e berraba:

—Hu!, eu son a pantasma.

E de socato vimos que chegaba a mestra. Non tiña pinta de estar moi contenta, así que marchamos axiña coas caixas. O único que quedou foi Rufo. Co seu saco, non vía o que pasaba e seguía a berrar:

—Hu!, eu son a pantasma.

Ata que a mestra lle quitou o saco. Rufo quedou pampo.

De volta no patio, a mestra soltoulle a orella a Rufo e botou as mans a cabeza.

—Pero se estades todos mouros! —dixo.

Era certo, ao facer o pallaso no soto, mancharámonos un pouco.

A mestra non estaba contenta pero o fotógrafo díxolle que a cousa non era grave, tiñamos tempo de nos lavar mentres el ía colocando as caixas e as cadeiras para a foto.

Amais de Agnan, o único que tiña a cara limpa era Godofedro, porque tiña a cabeza no seu casco de marciano, que parecía un acuario.



—Xa ve —díxolle Godofredo á mestra, se todos viñesen vestidos coma min, non se armaría tanto lerio.

Eu decateime de que a mestra devecía por estirarlle as orellas a Godofredo, pero o acuario non tiña buratos.

—É un chisme bárbaro, ese traxe de marciano!

Volvemos logo de nos lavar e de peitearnos. Mollarámonos un pouco, pero o fotógrafo dixo que era igual, que na foto non se notaría.

—Ben —díxonos o fotógrafo—. Queredes compracer a vosa mestra?

Respondémoslle que si, porque nós querémoslle ben á mestra; é boísima, cando non a enfadamos.

—Daquela —dixo o fotógrafo—, ídesvos colocar coma bos rapaces, cada un no seu sitio, para sacar a foto: os máis grandes derriba das caixas, os medianos de pé, os pequerrechos sentados.

Alá fomos nós, e o fotógrafo xa lle estaba explicando á mestra que se conseguía todo dos nenos cando se tiña paciencia, pero a mestra non puido acabar de escoitalo. Tivo que arredarnos porque todos queriamos estar enriba das caixas.

—Aquí non hai máis ca un grande, e son eu! —berraba Eudes, e empuxaba os que querían subir derriba das caixas.

Como Godofredo teimaba, Eudes deulle unha puñada no acuario e mancouse moito.

Tivemos que xuntarnos varios para quitarlle o acuario a Godofredo, que lle quedara atrancado.

A mestra dixo que era a última vez que nos avisaba, que, despois, nada de avisos, levaríanos directamente para a clase de matemáticas. Entón, pensamos que era mellor estar quedos e empezamos a colocarnos. Godofredo achegouse ao fotógrafo:

—Que trebello é ese?

O fotógrafo sorriu e díxolle:

—É unha caixa da que vai saír un paxariño, meu rei.

—É vello o seu artefacto —dixo Godofredo—, meu pai deume unha con parasol, obxectivo de focal curto, teleobxectivo e, por suposto, filtros...

O fotógrafo parecía sorprendido. Parou de sorrir e díxolle a Godofredo que volvese ao seu sitio.

—Ten vostede, polo menos, célula fotoeléctrica? —preguntoulle Godofredo.

—Por derradeira vez, volve ao teu sitio! —berrou o fotógrafo que, de súpeto, tiña pinta de estar moi nervioso.

Eu estaba sentado no chan, á beira de Alcestes. Alcestes é ese compañeiro meu que é moi gordo e que está a comer seguido. Estaba mordendo unha rebanda de pan con marmelada e o fotógrafo díxolle que parase de comer, pero Alcestes respondeulle que boa falla lle facía alimentarse.

—Deixa esa rebanda! —berrou a mestra, que estaba sentada mesmo detrás de Alcestes.

O berro colleu tan de sorpresa a Alcestes, que lle caeu a rebanda enriba da camisa.

—Fíxena boa! —dixo Alcestes, tratando de repañar a marmelada co pan.

A mestra dixo que o único que se podía facer era pór a Alcestes na derradeira ringleira para que non se lle vise a mancha na camisa.

—Eudes —dixo a mestra—, déixalle o teu sitio ao teu compañeiro.

—Non é compañeiro meu —respondeu Eudes—. Non lle deixarei o meu sitio, e non ten máis que pórse de costas á foto, así non se verá nin a mancha nin a súa cara gorda.

A mestra enfadouse, e, de castigo, púxolle a Eudes a conxugación do verbo: «Non debo negarme a deixarlle o meu sitio a un compañeiro que tirou enriba da camisa unha rebanda de marmelada». Eudes non dixo nada, baixou da súa caixa e veu cara á primeira ringleira, mentres Alcestes ía cara á derradeira. Con todo iso armouse un pouco de rebumbio, sobre de todo cando Eudes se cruzou con Alcestes e lle deu unha puñada no nariz. Alcestes quíxolle dar unha patada a Eudes, pero Eudes esquivouna moi áxil e foi Agnan o que levou a patada, por sorte onde non ten lentes.

Iso non lle quitou a Agnan de pórse a chorar e a berregar dicindo que non vía nada, que ninguén lle quería, e que quería morrer. A mestra consolouno, limpoulle os mocos, peiteouno outra vez e castigou a Alcestes, que ten que escribir cen veces: «Non lle debo pegar a un compañeiro que non busca liorta e que ten lentes».

—Ben feito! —dixo Agnan.

Entón, a mestra, tamén lle mandou a el escribir unhas liñas. Agnan quedou tan estrañado que nin sequera chorou. A mestra empezou a repartir castigos a torto e dereito. Todos tiñamos que facer unha chea de liñas, e, ao remate, a mestra díxonos:

—E agora ídesvos decidir a estar quedos. Se sodes bos, quitareivos todos os castigos. Veña, colocádevos ben, ride un pouquiño e o señor sacaranos unha fermosa fotografía!

Como non queriamos magoar a mestra, obedecémoslle. Sorrimos todos e colocámonos ben.



Arriba, de esquerda a dereita: Martiño (que se moveu), Poulot, Dubéda, Coussignon, Rufo, Aldebert, Eudes, Champignac, Lefèvre, Toussaint, Charlier, Sarigaut.

No medio: Paul Bojojof, Jacques Bojojof, Marquou, Lafontan, Lebrun, Dubos, Delmont, De Fontagnès, Mertineau, Godofredo, Mespoulet, Falot, Lafageon.

Sentados: Rignon, Clotario, Hannibal, Croutses Bargés, a mestra, Agnan, Nicolás, Faribol, Xoaquín, Gonzalès, Pichenet, Alcestes, e Maxencio (que acaba de ser expulsado).

Pero a lembranza que iamos aloumiñar toda a vida amolouse, porque nos decatamos de que o fotógrafo xa non estaba alí. Marchara sen dicir nada.